



DECRETO

CONVOCATORIA PLENO SESIÓN ORDINARIA

Segundo acordo do Pleno, de data 26 de xuño de 2023, as sesións ordinarias do Pleno da Corporación terán lugar cunha periodicidade mensual, con carácter xeral o derradeiro xoves de cada mes, ás 20:00 horas do serán.

Na próxima semana os membros da corporación e do goberno municipal María José Varela Neira e Pablo Taboada Cibeira deberán ausentarse do termo municipal para asistir a un acto institucional en representación do Concello de Oleiros en Valencia.

Igualmente o Alcalde do Concello por motivos persoais pode verse impedido a asistir á sesión ordinaria do Pleno que debería celebrarse o próximo día 28 de maio de 2026.

Considerando que o próximo día 20 de maio de 2026, ás 12:00 horas está convocada unha sesión extraordinaria do Pleno, por razóns de oportunidade e economía, podería adiantarse a data de celebración da sesión ordinaria correspondente ao mes de maio de 2026 a ese mesmo día, celebrándose esta seguidamente á súa terminación.

O Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares en sentenza de data 13 de decembro de 2002, admite que se celebre unha sesión plenaria en día distinto do prefixado co carácter de ordinaria, sempre que se respecte a periodicidade marcada, entendendo que o carácter de ordinario se da fundamentalmente ao respectar a periodicidade e non tanto a data concreta en que se celebre.

O Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León (con sede en Burgos) en sentenza de data 15 de xaneiro de 1999 afirma que: “a alteración da data e hora da celebración da sesión ordinaria non supón a nulidade do acto, xa que a convocatoria se efectuou polo órgano competente, coa antelación legalmente prevista a efectos de que puidesen asistir os membros da Corporación, sinalouse unha orde do día e o recorrente non sufriu indefensión xa que tivo coñecemento da cuestión. Só con esta finalidade é posible modificar circunstancial e puntualmente a periodicidade das sesións ordinarias; pero sen incumprir a periodicidade mínima establecida legalmente ou por acordo plenario”.

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía a efectos da súa inclusión na orde do día da próxima sesión ordinaria do Pleno [(artigo 81.1.a) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e (artigo 3.2.a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional].

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións do Pleno (artigos 78.1 e 80,1 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local (art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL), **RESOLVO:**

PRIMEIRO:

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno:

Día: mércores, 20 de maio de 2026.

Hora: 12.30 h.

Lugar: Salón de Plenos (1º andar de Casa Charry-Oleiros).

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación acta da sesión anterior, de data 26/03/2026.
2. Aprobación inicial modificación puntual nº 14 Plan Xeral de Ordenación Municipal.
3. Recursos de reposición contra acordo do pleno de data 29 de xaneiro de 2026 de aprobación definitiva da modificación da Relación de Postos de Traballo.
4. Dar conta Decreto da Alcaldía número 2026002248, de data 27/04/2026, polo que se aproba a liquidación do orzamento do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2025.





5. Dar conta da información remitida ao Ministerio de Facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 1º trimestre de 2026.
6. Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros, previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 1º trimestre de 2026.
Dar conta do Informe resume anual de control interno. Exercicio 2025.
7. Dar conta do Informe de control financeiro, na modalidade de auditoría de contas e de cumprimento, referida ao exercicio 2025, de AQUAOLEIROS, S.A, entidade dependente do Concello de Oleiros.
8. Dar conta das resolucións e decretos da alcaldía, desde o nº 2026001531 ata o nº 2026002384, ámbolos dous inclusive.
9. Mocións.
10. Rogos e preguntas.

SEGUNDO:

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, acompañando á convocatoria copia da acta da sesión anterior que se somete a aprobación, poñendo a súa disposición os antecedentes e documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer os recursos seguintes:

a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal de Instancia Sección do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

Oleiros, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente. Ángel García Seoane

O Secretario, Juan Luis González Iglesias.

